



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA DEZASEIS DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL NOVE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dezaseis horas e trinta minutos do día dezaseis de xaneiro do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión extraordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León

D. Tomás Fernández González.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez

D. Francisco Veloso González (Abandona o Pleno as dezasete horas e vintecinco minutos).

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DAS ACTUACIONES PREVISTAS AO AMPARO DO FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL. R. D. LEI 9/2008, DE 28 DE NOVEMBRO DE 2008.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA”

Respecto da base do regulado no Real Decreto Ley 9/2008 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e Emprego; e na Resolución de 9 de decembro do 2008, da Secretaría do Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo o Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto Ley 9/2008.

Considerando a competencia do Pleno para aproba-las actuacións de inversión correspondentes o devandito Fondo.

Tendo en conta que para o Concello de Lobios, a financiación máxima prevista a través do Fondo Estatal de Inversión Locais é de 410.790,00 euros (354.129,32 euros sin IVA).

Considerando que a obra é susceptible de obter recursos con cargo o Fondo, o abeiro do artigo terceiro do Real Decreto Ley, e que non se encontra prevista no Presuposto do Concello de Lobios para o ano 2009.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Propoño o Pleno:

Primeiro. Aproba-la realización da seguinte inversión proxectada.

Denominación	"CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO ENCORO DE LINDOSO"	
Orzamento	Sen IVE:	Con IVE: 410.017,47
Data prevista adxudicación	2ª quincena marzo 2009	
Previsto de persoas a empregar	10 persoas para obra e 35 persoas en fábrica para producir os elementos e produtos que se prevén instalar	

Segundo. Remitir o certificado do presente acordo na forma contemplada no artigo terceiro da Resolución do 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación territorial, os efectos da súa autorización pola Delegación do goberno."

Concedida a palabra ó Sr. Rodríguez Broullon, indica que quere traer a opinión dos veciños da parroquia onde vive que ten unha oportunidade de desenrolar unha zona abandonada que sufriu moito co embalse de Lindoso e que vai favorecer a todo o pobo de Lobios, en canto ao emprazamento é o sitio mais axeitado conforme a valoracións técnicas que hai o auga suficiente para o embarcadeiro, continua decindo que a propia parroquia asumiu o proxecto e colaborou co Concello cedendo gratuitamente e por tempo indefinido o terreo e segue a disposición do Concello, polo que solicita o votofavorable dos Concelleiros.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que esta de acordo co exposto polo concelleiro do PSOE, xa que existe unha debida histórica con esta parroquia, tamen entenden que debe potenciarse o turismo no Concello e esta sería unha maneira de potenciar a zona, pero entenden que debe ser o parque natural o que ten que asumir estas funcións, continua decindo que cando se enterou dos fondos presentou un escrito ao Sr Alcalde para consensuar onde usar estas inversións como se fixo noutros Concellos, reitera que debe ser o parque o que se faga cargo destes gastos, xa que a metade do pobo está a disgusto coa inversión que se vai facer, ademais considera que a ubicación do embarcadeiro beneficia tanto a Lobios como a Entrimo, continua decindo que agora o prazo remata o 24 e non hai tempo para facer novos proxectos ou propostas polo que están de acordo en que debe facerse o embarcadeiro pero por medio do parque, e non usando os fondos, ademais pregunta canta xente se vai a contratar de forma directa con esta inversión.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vazquez Vazquez, indica que en parte apoia o dito polo Sr Deibe no de crear unha comisión, pero esta de acordo co proxecto que se presenta e de feito eles fixeran un proxecto semellante, pregunta se onde se ubica o embarcadeiro se pode levar a cabo actuacións a motor, xa que eso ven regulado por unha Directiva Europea, tamen pregunta se se levou algunha xestión coa empresa sobre o nivel mínimo do auga. Continua decindo que tal como expuso o Sr Deibe esta debería ser asumida polo parque, pero se sabe que o parque non vai facer nada igual que pasa cos viales do parque, polo que sendo o único proxecto que se ten o seu voto vai ser a favor.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que lle parece axeitado tanto a inversión como a localización, pero indica que debería de ir un técnico que fixera un informe e en base a ese informe debería votarse, indica que sin a existencia do informe do técnico non pode votar, pero votara a favor se hai un técnico.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que se enterou dos fondos unha vez publicados e son inversións de urxencia nas que se require unha memoria do contido do proxecto, o orzamento, o período de adxudicación, as persoas necesarias para a obra, e que non se incluían nos orzamentos, ademais debe cumprirse co recollido no Art. 3 do R. D. Lei 9/2008, continua decindo que o Sr Deibe presentou un escrito no que propoñía o xerárquico, e inmediatamente chamou ao Sr Deibe e lle indicou que esa obra non podía ser xa que se ía a facer co Consorcio, e nese intre lle comunicou a inversión no embarcadeiro, despois falou co Sr Vazquez para comunicarlle a inversión, posteriormente e despois de falar co Sr Deibe e o Sr Vazquez se realizou unha memoria por dous enxeñeiros de camiño e un enxeñeiro industrial na que se establecían as cuotas de auga, e tendo os datos se empezou a estudar a localización do terreo, sendo unicamente factible en Aceredo, ao final a opción que cumpría as



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

condicións técnicas suficientes era pegado a ponte, pero o problema era o terreo que era particular, pero a asociación de veciños permutou o terreo e cedeu gratuitamente e por tempo indefinido o terreo ao Concello de Lobios para a construción dun embarcadiro ante notario, no relativo a permisos se admite a licenza dada co proxecto anterior pero todo isto se conseguiu o luns e ese día volveuse a por en contacto co Sr Deibe e o Sr Vazquez, continúa decindo que no pouco tempo que houbo non foi capaz de conseguir outro proxecto que cumprira o recollido no R D Lei. Indica que a garantía do nivel de auga en principio se cumpre segundo os datos técnicos ofrecidos por EDP, en canto a utilización de motor ao ser un embalse afectado por un parque nacional e por parque natural, hai unha zona de motor pero outra de remo, pero existen diversas alternativas como o motor eléctrico, e o parque vai solicitar que se poida usar o motor.

Neste intre, sendo as dezasete horas e vinte cinco minutos, abandona o Pleno o Sr Veloso Gonzalez.

Continúa o Sr Alcalde decindo que en cuanto ao tema do emprego se compromete a que sexan empresas da zona e no relativo a existencia dun informe técnico, indica que foron tres técnicos os que fixeron a memoria.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que sigue pensando que deben xuntarse máis e chegara acordos, non está de acordo co dito polo Sr Alcalde de que o fondo non daba lugar a outros acordos, indica que se vai destinar o fondo a un investimento que lle corresponde a outra Administración, e que non se vai crear emprego e por iso non está en contra co embarcadiro pero si coas formas e os tempos, polo que o seu voto vai ser a abstención, continúa decindo que debe presionarse a Administración que hai que presionar, que se trat dunha obra que beneficia a Lobios e a Entrimo, que debe asumir o parque e que non fomenta o emprego no Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vazquez Vazquez, indica que en parte están de acordo co Sr Deibe xa que debe irse as Consellerías que teñen cartos e solicitalos para o Concello, pero apoian a obra e por iso votaran a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que traballou con toda honestidade e que o parque ao mellor non fai actuacións directamente pero si indirectamente como foi a subvención do tractor, parte da motobomba, o obradoiro..., continúa decindo que se noutros Concellos se traballa doutra maneira é lóxico xa que as condicións de cada Concello son distintas e remata indicando que esta é unha oportunidade única para por en marcha undos frentes que tiña Lobios e potenciar máis o turismo

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado Estévez González, González González, (ocho votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Fernández Simo, Carballo Suárez y Veloso González por a non asistencia a votación (3 abstencións).

PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN CONTA XERAL DO EXERCICIO 2007.

Toma a palabra o Sr Alcalde , e indica que a Conta Xeral xa foi levada a Comisión Especial de Contas que a informou favorablemente, se expuso no BOP sen que se presentaran reclamacións á mesma, e agora se presenta ao Pleno para que se aprobe e se remita ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia.

Sometida a Conta Xeral a aprobación, resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Veloso González (1 abstención por a non asistencia).



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as dezasete horas e corenta e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy